



A CORUÑA

Resumo da reunión que a Comisión Permanente da Xunta de Persoal Docente da Coruña manterá co Sr. Xefe Territorial de Educación o Mércores **20 de marzo do 2019 ás 10:00 horas**:

1. Aprobación, se proceder, da acta anterior. Desde a comisión permanente pídesse modificar acta anterior dado que o Sr. Xefe territorial de Educación citando o artigo 53.1. da Lei 39/2015 non explicitou que el interpretaba nese artigo que os exames tiñan a condición de procedemento administrativo. Pedíuse a inclusión na acta do falado na anterioro permanente que os/as coidadoras que se precisen para saídas puntuais que se se avisa desde os centros con tempo suficiente será chamadas das lsitas de substitucións e non sustraídas doutros centros próximos nesas xornadas. Comenta o Sr. Xefe Territorial que non se deben tratar estes temas na xunta de persoal dado que é persoal non docente. Finalmente incúese na acta e apróbase.
2. Asuntos pendentes:
 - 2.1 Segunda praza do departamento de orientación en centros grandes e que conten as unidades de infantil.
 - 2.2 Substitución de coidadoras/es.
 - 2.3 Substitucións dos titulares das EEI. Desde o punto 1 ata o 3 decídese tratar en xuño porque non se deben tratar asuntos pendentes todos os meses.
 - 2.4 Escolarización do alumno no Ramón de la Sagra. Acórdase pedir un novo informe á Orientación técnica.
 - 2.5 Transformación dos CRA Coristanco, A Baña, Santa Comba e supresión das docentes afectadas que así o requiran. A fusión decídeia A dirección xeral de centros, que xa se reuniron e escoitaron ás direccións e inspeccións dos centros afectados, que se vai realizar e que desde a Inspección Xeral e Xefatura Territorial se informará favorablemente para que as persoas que así o desexen poidan ser suprimidas.
 - 2.6 Listas de substitucións de Navegación e Instalacións Mariñas. Coméntase que non obrou da forma máis rigurosa posible nos chamamentos, que agora xa non se pode botar ao profesorado das listas de substicións, malia incumprir o *RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias*, aínda que sí de boa fé e coa mellor intención desde o IES Universidade Laboral de Culleredo pensando no alumnado. Que se procurará que non se volva repetir e abrir listas diferentes cando a especialidade precise de especialistas.
 - 2.7 Praza de intérprete en CEIP San Pedro de Visma. Unha vez escoitada a dirección e a inspección e a nai do alumno afeatto, consideran que non é necesario enviar ao centro

unha nova intérprete de Lingua de Signos xa que teñen unha xa, e dúas AL con coñecementos desa lingua.

3. Concesión de licenzas por asuntos propios ao profesorado interino. Contéstase que se concernán sen problemas en tempo e forma.
4. Solicitude ao profesorado, nalgúns centros, de comunicar o día anterior a participación na folga do 8 de marzo. Consideráse que a directora do CIFP Ánxel Casal interpretou mal a orde de informar da incidencia da folga ao solicitar a intención de participación na mesma ao profesorado o día anterior.
5. Información sobre expedientes. Non hai.
6. Rogos e preguntas. Pregúntase cal é o xeito correcto de actuar ante un caso de absentismo escolar encuberto e o inspecto xefe responde que non se xustifiquen as faltas que sexan xustificadas de forma só verbal e de forma reiterada e que se abra o protocolo de absentismo escolar.

Ante a protesta de profesorado dalgúns CIFP sobre a petición das inspeccións correspondentes de modificar a programación neste momento do curso respóndese que é un documento vivo a mellorar en calquera momento do curso.

Ante varios casos de radón graves en centros educativos coméntase que é necesario concienciar ao profesorado para que ventile as aulas todos os días.

Arredor da información do concurso de atención preferente respóndese que non vai haber, que non se comunica nada aos centros e que só dous centros van continuar.

A Coruña, a 20 de marzo 2019